

A Sociedade de Autores reclamalle 2.144 euros aos organizadores do festexo de Liñares. En Beade e Valladares tamén receberam cartas de aviso para que estrumen a taxa do 7%.

Esta entidade pretende cobrar aos organizadores das festas de acceso gratuito un 7% do orzamento, como compensación polos dereitos de autor da música que soa nas verbenas públicas. A ofensiva da SGAE en Vigo comezou pola parroquia de San Miguel de Oia, onde se celebra cada ano a festa de Liñares. Concretamente, exixen 2.144 euros aos organizadores da romaría.

A primeira batalla xudicial entre a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) e as principais festas populares da cidade desenvolveranse o próximo día 24 nos tribunais de Vigo. En xogo está o futuro do medio centenar de festexos que se celebran cada ano nos barrios e parroquias, que ven os seus presupostos ameazados por un canon da SGAE.

Non obstante, o presidente do comité de festas de Liñares adverte de que esta reclamación xudicial será o principio dunha campaña en toda regra, coa que a SGAE pretende aplicar o canon do 7% a todas as celebracións nas que haxa música. «Empiezan por nós pero todas as festas imos xuntas, porque sabemos que se se saen coa súa teremos todos graves problemas», explica José Porro Porto, presidente da comisión de Liñares.

As parroquias, unidas

Esta comunión de intereses fica tamén plasmada nas palabras do presidente da coordinadora de comités de festas de Vigo, Gabino Goberna, que sinala que seguirá o xuízo con moita atención. «Si perdemos, non nos vai ficar mais remedio que tomar medidas drásticas. Reunimo-nos varias veces e estamos dispostos a cancelar todas as festas, porque se hai que pagar esa cantidade que peden, non nos dará o presupuesto», comenta, resumindo o sentir xeral da vintena de comisións de festas consultadas Pola Voz. Dous deles, o de Valladares e o de Beade poderían ser as próximas que se enfrenten a un proceso xudicial, dado que xa receberam a reclamación económica da SGAE.

Dous séculos de historia

A situación mais delicada dáse na festa de Liáres, unha celebración con mais de dous séculos de historia. Aínda no caso de que gañasen o xuízo, o festexo terá que facer fronte ás disensións existentes entre os organizadores, que poderían dar ao traste coas verbenas do mes de setembro.

Aínda que de momento, o que máis preocupa en Liáres é o xuízo. «Vinieron dous días antes da festa e dixeron-nos que tíamos que pagar mis de euros, unha animalada, 100.000 pesetas das de antes por cada día de celebración. Pero se nos piden 150 euros por cada pasacalis e o redor de 300 por concerto! Iso é un imposto revolucionario que nunca habíamos pagado», argumenta indignado o presidente da comisión deste histórico festexo popular de San Miguel de Oia.

www.lavozdegalicia.es